



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL. 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: mgm

## PROVIDENCIA DE INCOACIÓN DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS FINANCIADAS CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS), POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL, POS+ADICIONAL 2/2022.

### ANTECEDENTES:

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 26 de novembro de 2021 (BOP núm. 228 do 30/11/2021), aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2022".

O día 10/02/2022 o Pleno do concello acordou participar no citado Plan provincial e aprobou os diversos proxectos técnicos das obras engadidas nel.

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria realizada o 25 de novembro do 2022, aprobou a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS + Adicional 2/2022 por maior achega provincial.

O día 29/11/2022 (RE núm.5123) recibíuse no concello a circular da Deputación Provincial da Coruña respecto da aprobación da 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos), POS+Adicional 2/2022, por maior achega provincial quedando condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos (EMC) 6/2022.

A circular da Deputación provincial da Coruña respecto da aprobación definitiva da 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+Adicional 2/2022, por maior achega provincial, recibíuse no concello en data 29/12/2022 (RE núm.5465). Nese escrito, comunícaselle ao concello que logo do cumprimento das condicións establecidas no acordo plenario da deputación de data 25 de novembro de 2022 de entrada en vigor do EMC 6/2022, que xa entrou en vigor coa publicación dun anuncio no BOP 242 do 23 de decembro de 2022; de cumprimento da condición suspensiva que se indica no Anexo II do acordo para un dos concellos, que se declarou cumprida mediante Resolución da presidencia número 50131 do 29/11/2022; e despois de transcorrer o prazo de 10 días de exposición pública e remisión do expediente a informe doutras administracións sen que se presentase reclamación ou alegación ningunha, considerouse definitivamente aprobada a segunda e derradeira fase do Plan.

Neste Plan engadíronse as seguintes obras:

<b>2ª E DERRADEIRA FASE DO POS ADICIONAL 2/2022 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL</b>			
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
Mellora de servizos e seguridade vial na marxe dereita da AC 564, en Goente	138 304,67€	12 354,01€	150 658,68€
Pista multideporte no Poboado da Magdalena e mellora da contorna	166 695,50€	14 731,90€	181 427,40€
Renovación de pavimentos e mobiliario urbano Avda. das Campeiras Fase 1	110 188,45€	6 142,26€	116 330,71€
Renovación pavimentos e melloras na rúa	110 032,82€	6 121,32€	116 154,14€



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL. 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: mgm

Real.1ª Fase			
Mellora servizos e pavimentos Rúa da Balsa(Fase I)	98 817,37€	4 317,56€	103 134,93€
Asfaltado de estradas nas Cancelas, Poupariña, Esvedral, Penapurreira e Ramallal – A Louseira	115 575,20€	8 114,01€	123 689,21€

Os proxectos conteñen a declaración de obra completa.

A finalidade que se trata de conseguir coa execución destas obras é a reparación de diverso viario, no núcleo urbano e rural e a mellora de diversos servizos de prestación obrigatoria, polo que con elas mellorárase a calidade de vida dos veciños e as comunicacións entre os núcleos de poboación beneficiarios, cumprimentando así unha das obrigas de todos os concellos, prevista no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Por iso, á vista do disposto na D Ad IIª da Lei 09/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), RESOLVO:

INICIAR o procedemento de contratación das seguintes obras, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria simplificada:

<b>PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+2022” 2ª E DERRADEIRA FASE POS ADICIONAL 2/2022 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL</b>			
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
Mellora de servizos e seguridade vial na marxe dereita da AC 564, en Goente	138 304,67€	12 354,01€	150 658,68€
Pista multideporte no Poboado da Magdalena e mellora da contorna	166 695,50€	14 731,90€ €	181 427,40€
Renovación de pavimentos e mobiliario urbano Avda. das Campeiras Fase 1	110 188,45€	6 142,26€	116 330,71€
Renovación pavimentos e melloras na rúa Real.1ª Fase	110 032,82€	6 121,32€	116 154,14€
Mellora servizos e pavimentos Rúa da Balsa(Fase I)	98 817,37€	4 317,56€	103 134,93€
Asfaltado de estradas nas Cancelas, Poupariña, Esvedral, Penapurreira e Ramallal – A Louseira	115 575,20€	8 114,01€	123 689,21€

A tramitación realizarase mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria simplificada.

Incorporarase a cada expediente:

- O proxecto técnico da obra e, no seu caso, autorizacións sectoriais pertinentes.
- A acta de trazado de planta, na que se verifique a dispoñibilidade dos terreos polos que descorren as obras.
- O prego de cláusulas administrativas particulares.



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL. 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: mgm

- O informe de Secretaría relativo ao prego de cláusulas administrativas particulares e a aprobación do expediente.
- A resolución sobre cláusula de revisión de prezos, no seu caso.
- O certificado de existencia de crédito.
- O informe de fiscalización da Intervención municipal.

As Pontes de García Rodríguez, abril de 2023

O concelleiro delegado da Área de Contratación e Cultura.

Vicente Roca Uceira